




**DOCENTES DO MASTER PROPIO EN PRODUCCIÓN DE LEITE**

**DOCENTES DO MÓDULO 1**

**Morfoloxía, fisioloxía y manexo sanitario da vaca de leite (5 créditos)**



**LUIS QUINTELA (Coordinador do módulo)**

Licenciado en veterinaria en 1989 e Doutor en ciencias veterinarias dende 1996. Profesor Titular no Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo. Imparte docencia en reprodución e obstetricia. Participou e dirixiu diferentes proxectos e actividades de I+D+i. É autor de numerosos artigos de investigación e divulgación en revistas internacionais e nacionais de recoñecido prestixio, comunicacións a congresos, libros e unha patente en explotación.



**ALBERTO PRIETO LAGO**

Licenciado en Veterinaria pola USC en 2008, comezou a traballar no sector de gando vacún compaxinándoo cos seus estudos de doutoramento. No ano 2015 obtivo o título de Doutor en Veterinaria. En 2011 pasou a formar parte do grupo de investigación INVESAGA (Investigación en Sanidade Animal de Galicia), equipo no que segue traballando actualmente en diversos proxectos relacionados co sector de gando vacún, incluíndo un Proxecto Nacional relativo ó estudo de microorganismos patóxenos causantes de diarrea.




**DANIEL MATÍNEZ BELLO**

Doutor en Veterinaria, especialista en Transferencia Embrionaria (T.E.) e biotecnoloxías reprodutivas en gando bovino. Forma parte do equipo veterinario de Embriovet&Embriomarket, empresas de transferencia embrionaria e asesoramento xenético en toda España. Conta ca experiencia de ter realizado máis de 4.500 recollidas de embrións in vivo, 1.500 OPU e máis de 15.000 embrións transferidos. Actualmente é responsable dos programas xenéticos e de transferencia embrionaria de 60 ganderías, e colabora en varios proxectos de desenvolvemento e programas de formación a nivel internacional.



**GONZALO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**

Doutor en ciencias veterinarias e profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, na área de sanidade animal. Imparte as materias de enfermidades infecciosas, medicina preventiva, policía sanitaria veterinaria e zoonose. Participou en 7 proxectos de investigación, 29 contratos con administracións e entidades públicas e privadas. Publicou 29 artigos en revistas internacionais do JCR, 75 en revistas científicas e de divulgación e 125 participacións en congresos nacionais. Durante un período de 15 anos compatibilizou a súa labor investigadora co desempeño de diferentes responsabilidades, como funcionario da Xunta de Galicia, nos programas de prevención, control e erradicación de enfermidades animais e nos programas oficiais de calidade de leite.



**JOSÉ MANUEL DÍAZ CAO**

Licenciado en veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela en 2011 cun Máster en Investigación en Medicina e Sanidade Veterinaria e Doutor en Medicina Veterinaria pola mesma Universidade en 2016. Durante os últimos 7 anos traballou no Departamento de Patoloxía Animal da Universidade de Santiago de Compostela no diagnóstico de enfermidades infecciosas e parasitarias que afectan á reprodución en ruminantes domésticos e en mamites bovinas. A súa actividade investigadora céntrase na análise de factores de risco, caracterización das vías de distribución, transmisión e mantemento das enfermidades e deseño de modelos para entender o seu comportamento epidemiolóxico.



	<p><b>MARCOS VIGO FERNÁNDEZ</b> Licenciado en Veterinaria (2010) e Doutor en Veterinaria (2017), en ambos casos pola Universidade de Santiago de Compostela. Especialista en Xestión de rabaño e control de reprodución. Desenvolve esta labor dende o 2012 na zona da Terra Chá (Lugo).</p>
	<p><b>PABLO DÍAZ FERNÁNDEZ</b> Licenciado e Doutor en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Profesor Contratado Doutor del área de Sanidade Animal do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo (USC). Autor de numerosas publicacións científicas relacionadas con enfermidades infecto-parasitarias de interese en Sanidade Animal e Saúde Pública. Especializouse no estudo de enteropatóxenos parasitarios (<i>Cryptosporidium</i> spp., <i>Giardia</i> spp., <i>Eimeria</i> spp., etc.) que afectan ós animais domésticos e silvestres.</p>
	<p><b>PEDRO GARCÍA HERRADÓN</b> Licenciado en Veterinaria (1982) e Doutor en Veterinaria (1988), en ambos casos pola Universidade de León. Bolseiro do Plan Nacional de Formación do Persoal Investigador entre os anos 1984-87. Na actualidade é Profesor Titular no Departamento de Patoloxía Animal da Universidade de Santiago de Compostela. Imparte docencia en Reprodución e Obstetricia e en Tecnoloxía da Reprodución na Facultade de Veterinaria. Participou en 25 proxectos/contratos de investigación. Dirixiu un total de 15 Teses de Doutoramento e é coautor de numerosos artigos en revistas nacionais e internacionais, comunicacións a congresos, varios capítulos de libros e dunha patente en explotación.</p>
	<p><b>ROSARIO PANADERO FONTAN</b> Licenciada e Doutora en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Diplomada polo Colexio Europeo de Veterinarios Parasitólogos (EVPC) e especialista en Parasitoloxía Veterinaria polo EBVS. Profesora Titular da área de Sanidade Animal do Departamento de Patoloxía Animal da Facultade de Veterinaria de Lugo (USC). Autora de numerosas publicacións científicas relacionadas cas enfermidades parasitarias de interese veterinario. Especializouse no estudo das miasas que afectan a los ruminantes domésticos e silvestres.</p>
	<p><b>SOFIA VAZQUEZ RODRÍGUEZ</b> Licenciada en veterinaria no ano 1995 pola Universidade de Santiago de Compostela. Máster en Educación Ambiental en 2002 e Máster en ecoauditorías y planificación empresarial del medio ambiente en 2004, ambos polo Instituto de Investigacións Ecolóxicas. Traballou como veterinaria clínica entre os anos 1996 e 2008, ano no que pasou a adicarse á medicina preventiva desenvolvendo o programa sanitario en diferentes adsgs. Na actualidade continúa desenvolvendo esta actividade como responsable do programa sanitario na ADSG Terras da Ulloa-Pallares. Participación como Veterinaria Colaboradora nas prácticas de alumnos de segundo ciclo da Facultade de Veterinaria Complutense de Madrid de 2000 a 2002.</p>
	<p><b>XAVIER BERMÚDEZ SALGUEIRO</b> Licenciado en Veterinaria pola USC en 2004. Complementou a súa formación en saúde de ubre en USA nas universidades de Madison-Wisconsin e Cornell (New York). Comezou a súa actividade profesional na empresa SERIVET Asturgalaico compaxinando a actividade veterinaria clínica, e a calidade do leite. Durante este periodo, foi asesor externo de CLAS (Central Lechera Asturiana). Dende 2014 á actualidade xestiona a súa propia empresa de Asesoramento e Consultaría en Calidade de leite e saúde de ubre, en granxas de toda España. Dende 2017 é vocal de Calidad de leche de ANEMBE (Asociación nacional de especialistas en medicina bovina).</p>



**DOCENTES DO MÓDULO 2**

**Calidade do produto (5 créditos)**



**ROBERTO LORENZANA (Coordinador do módulo)**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela (2002), Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela (2006). Director-Xerente do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) dende o ano 2013. Con anterioridade desenvolveu diversas actividades no ámbito universitario como investigador (2001-2010), tecnólogo (2010-2013) e docente, en materias relacionadas ca la economía e política agrarias, co márketing e investigación de mercados e a xestión técnico-económica (2008-2009).



**ARBONES MACIÑEIRA ENRIQUE RAFAEL**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid (1990) e Doutor pola Universidade de Santiago de Compostela (1994). Ten dirixido 6 teses doutorais, é autor de dez artigos internacionais en revistas de impacto. Dende 2015 dirixe a Aula de Produtos Lácteos e Tecnoloxías Alimentarias (<http://www.usc.es>), un centro de formación e investigación aplicada para o deseño de produtos e procesos e outros servizos tecnolóxicos na área da calidade. Dirixiu máis de 200 contratos de investigación aplicada por importe de máis de un millón de euros.



**BARREAL LÓPEZ MARÍA LUISA**

Licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade de Santiago de Compostela (1979); Doutora pola Universidade de Santiago de Compostela (2015); Xefe de Laboratorio e Xefe de Produción de Lácteos Lence (1979 – 1989); Directora Técnica do Laboratorio Interprofesional Galego de Análise do Leite (LIGAL) dende o ano 1990 ata a actualidade; colaboradora en diferentes proxectos e traballos de investigación, así como en artigos divulgativos sobre o sector lácteo, dende o ano 1990.



**GONZALO FERNÁNDEZ RODRÍGUEZ**

Doutor en ciencias veterinarias e profesor titular da Universidade de Santiago de Compostela, na área de sanidade animal. Imparte as materias de enfermidades infecciosas, medicina preventiva, policía sanitaria veterinaria e zoonose. Participou en 7 proxectos de investigación, 29 contratos con administracións e entidades públicas e privadas. Publicou 29 artigos en revistas internacionais do JCR, 75 en revistas científicas e de divulgación e 125 participacións en congresos nacionais. Durante un período de 15 anos compatibilizou a súa labor investigadora co desempeño de diferentes responsabilidades, como funcionario da Xunta de Galicia, nos programas de prevención, control e erradicación de enfermidades animais e nos programas oficiais de calidade de leite.



**MONTERO GONDAR MARÍA OLGA**


Licenciada en Bioloxía pola Universidade de Santiago de Compostela (1999). Auditora interna ISO 9000 (2004), Máster en Calidade, Medio Ambiente e Prevención (2006). Formación Superior en Lexislación Alimentaria (2008). Lead Auditor FSSC 22000 (2016). Traballou como Auxiliar do Laboratorio e Responsable de mellora continua entre outros, en Nestlé (1999) e en Leite Río (2000). Actualmente Responsable de seguranza de calidade en Nestlé España, S.A. (fábrica de Pontecesures), englobando seguridade alimentaria, sistema de xestión integrado (no que respecta ás Normas ISO 22000-FSSC, ISO 9001), sistema de autocontrol para exportacións e xestión de laboratorio.



**PEREYRA FRAGA MERCEDES**

Licenciada en Ciencias Biolóxicas pola Universidade Complutense de Madrid (1976). 1977 – 1984: Técnico Superior en Industria Láctea no Departamento de Calidade de COMPLESA-Lactaria Española, S.A. (RAM). Xefe de Laboratorio e Responsable da posta en marcha dos controis bacteriolóxicos en produtos pasteurizados e UHT. 1984 – 2016 Responsable do Departamento de Calidade e Medio Ambiente na mesma planta, e o pasar a integrar o Grupo Lácteo Gallego (1995), PULEVA FOOD, S.L. (2001) e a Lactalis-Puleva (2010). Responsable da implantación de sistemas de xestión: implantación do Sistema de Xestión da Calidade norma ISO 9001(1998); implantación do Sistema de Xestión Ambiental norma ISO 14001 (2001), implantación do Protocolo de Seguridade Alimentaria IFS v.6 (2011), implantación do Sistema de Xestión da Seguridade Alimentaria .ISO 22000 (2013). Auditor Interno de Sistemas de



	<p>Xestión de Calidade e Medio Ambiente. Responsable de formación de persoal en temas de xestión calidade e seguridade alimentaria así como en xestión medioambiental. Actualmente Xubilada desde o ano 2016.</p>
	<p><b>RIVERO CUESTA GERARDO</b>          Licenciado en veterinaria na Universidade de León, dende o ano 1991 ven de coordinar programas na gandería galega dende os servizos centrais da Xunta de Galicia; primeiro como responsable da Área de Mellora Xenética de Producións Gandeiras e dende o 2011 como xefe do servizo de Seguridade Alimentaria nas Producións Gandeiras. Desde este servizo actúa como punto de contacto do Plan Nacional de Control da Cadea Alimentaria (PNCOCA) en Galicia e como responsable dos seguintes programas: Alimentación Animal, Subprodutos Animais Destinados o Consumo Humano (SANDACH), Medicamento Veterinario, Calidade do Leite Cru, PNIR e Rexistro de Explotacións Leiteiras de Calidade Diferenciada.</p>



**DOCENTES DO MÓDULO 3:**

**Instalacións e benestar animal (5 créditos)**



**ELENA FERNÁNDEZ (Coordinadora do módulo)**

Doutora Enxeñeira Agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela e Enxeñeira Agrónoma pola mesma Universidade. A súa actividade investigadora está centrada no deseño e caracterización dos aloxamentos gandeiros para a produción animal, máis particularmente en aspectos relacionados co benestar animal e as posibles solucións construtivas dos mesmos. Nese ámbito ten dirixido teses de doutoramento e publicado artigos en revistas internacionais.



**ANGEL CASTRO RAMOS**

Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 2016. Máster Oficial de Industria e Economía Leiteira (2010). Contratado en actividades de investigación relacionadas cos sistemas de muxido robotizados pola USC (2007-2010). Bolseiro predoutoral do plan galego de investigación, innovación e crecemento 2011-2015 (Plan I2C). As súas liñas prioritarias de investigación están relacionadas cos sistemas de muxido robotizado e o funcionamento das instalacións de muxido. Autor de numerosos artigos de divulgación e investigación en congresos e revistas de ámbito nacional e internacional.



**ANTONIO LENZA CARBALLEDO**

Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela (2016). Dende finais do 1990 traballa para a multinacional Sueca Delaval Equipos SA. Actualmente é xerente de área CG e responsable da distribución para o Noroeste de España e Portugal. Entre 1991 y 2011 dirixiu e coordinou os programas de calidade de leite para a agrupación gandeiros "Club Alfa Galicia". Autor e coautor de varias publicacións relacionadas co funcionamento das instalacións de muxido e da calidade do leite extraído (2012).

**JESUS CANTALAPIEDRA**

Doutor en veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela e funcionario da Xunta de Galicia. Co-autor de máis de 22 libros de Benestar animal e de 60 artigos nacionais e internacionais en revistas como Animal Science Production Animal Science Journal o Journal of veterinary behaviour. Coordinador dos cursos de formador de formadores de Benestar animal da Xunta de Galicia e veterinario designado do INTECMAR. Membro do comité de redacción de 3 revistas del ámbito gandeiro y veterinario



**JOAQUIM ORLANDO LIMA CERQUEIRA**

Profesor no Departamento de Ciéncias Agronómicas e Veterinárias da Escola Superior Agrária do Instituto Politécnico de Viana do Castelo (ESA-IPVC) de Portugal dende o ano 2000. Doutor en Ciéncias Veterinárias polo Instituto de Ciéncias Biomédicas Abel Salazar da Universidade do Porto (2013). As súas liñas prioritarias de investigación están relacionadas ca produción e benestar animal en vacún de leite e en razas autóctonas. Membro integrado do Centro de Ciéncia Animal e Veterinária (CECAV) da UTAD en Portugal. Participou en proxectos de investigación e desenvolvemento tecnolóxico (11) na área de produción animal. Autor de varias publicacións como autor e co-autor de libros (13), capítulos de libros (5), artigos en publicacións indexadas (9), en revistas técnicas (25) e actas de congresos científicos (72).



**QUIM PALLISERA LLOVERAS**

Licenciado en Ciencias Veterinarias pola Universitat Autònoma de Barcelona no ano 2009. Técnico especialista en benestar animal no Instituto de Investigación y Tecnología Agroalimentarias (IRTA) de Catalunya onde está involucrado principalmente nas liñas de avaliación de benestar animal en granxa e matadoiro empregando protocolos Welfare Quality; avaliación de indicadores de inconsciencia e morte en matadoiros; novas técnicas de atordamento en porcino e coellos; sacrificio ritual de especies de abasto. Nesta temática publicou diversas



	<p>comunicacións e artigos científicos en revistas nacionais e internacionais.</p>
	<p><b>MARÍA MERCEDES CAMIÑA GARCÍA</b> Doutora en Farmacia pola Universidade de Santiago de Compostela (USC). Na actualidade é responsable do Servizo de Análises Clínicas do Hospital Veterinario Universitario Rof Codina e profesora asociada do Departamento de Fisioloxía da Facultade de Veterinaria de Lugo. Coordinadora e coautora de varios libros de Benestar Animal e de artigos en revistas indexadas, capítulos de libros e de actas en congresos científicos.</p>
	<p><b>JOSÉ MANUEL PEREIRA GONZÁLEZ</b> Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela (2003), premio extraordinario de doutoramento. Profesor no Departamento de Enxeñaría Agroforestal de la Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo desde el año 1999. As súas liñas prioritarias de investigación están relacionadas ca mecanización das explotacións gandeiras e o funcionamento das instalacións de muxido. Participou en 7 proxectos, 13 contratos de investigación e dirixiu dúas teses de doutoramento. Autor de numerosos artigos de divulgación e investigación en congresos e revistas de ámbito nacional e internacional, algunhas tan prestixiosas como Journal of Dairy Science, Computers and electronics in agriculture o Biosystems Engineering entre outras.</p>
	<p><b>MANUEL MÉNDEZ LODOS</b> Enxeñeiro Industrial de Construción (Universidade Politécnica de Madrid). Doutor Enxeñeiro Industrial pola Universidade de Vigo. Profesor Titular da Universidade de Santiago de Compostela, no Departamento de Enxeñaría Agroforestal, 30 anos de experiencia docente e investigación en materiais e construción agroindustrial. Ten participado en numerosos proxectos de investigación e dirixido 3 teses de doutoramento.</p>
	<p><b>YOLANDA TRILLO DONO</b> Actualmente Farm Management Support en ganderías robotizadas Lely. Anteriormente International Distributor Manager en BCF Technology, especializada no manexo reprodutivo con ecografía en animais de produción (2018). Doutora Internacional en Medicina Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela e a Universidade de California Davis (2016), investigación que centrou no Benestar Animal e Manexo Alimentario en ganderías de vacún de leite. Autora de diversas publicacións científicas e artigos de divulgación a nivel Nacional e Internacional. Ponente en congresos Nacionais e Internacionais así como en xornadas locais. Temporalmente docente para diversos Organismos e Institucións Nacionais. Responsable da plataforma web Lideres en Benestar como base da súa labor de investigación e formación de persoal no ámbito da xestión de persoal en empresas relacionadas co sector gandeiro.</p>



**DOCENTES DO MÓDULO 4:**

**A alimentación na produción de leite(5 créditos)**




	<p><b>ARTURO GÓMEZ PÉREZ (Coordinador do módulo)</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 2004 ven desenvolvendo a súa labor profesional como técnico asesor de granxas de vacún de leite e de carne, con especialidade en alimentación, na cooperativa Os Irmandiños SCG (actualmente integrada en CLUN, Cooperativas Lácteas Unidas). Responsable do servizo de carros mezcladores, participou en diversos proxectos de I+D tanto da cooperativa como da Universidade. Dende 2005 é socio fundador de Norteo Soluciones y Proyectos SL. Durante estes anos desenvolveu a súa actividade docente na Universidade e en distintos ámbitos relacionados co sector gandeiro.</p>
	<p><b>ADRIÁN GONZÁLEZ GARRIDO</b></p> <p>Licenciado en Veterinaria pola Universidade Complutense de Madrid (1985 – 1990). Máster en Gestión de Explotaciones de Vacuno Lechero pola Universidade Autónoma de Bellaterra (2005). Integrado no servizo técnico de diferentes empresas españolas: Norel SA (1990 – 1994, 1996 – 1997), Química Farmacéutica Bayer : (1997 - 1999). Nutral SA (grupo Provimi, agora Cargil, 1999 -2008). Especializado en México dous anos ca empresa Dairy Nutrición Services Inc de Arizona. (1995 – 1996) baixo a dirección de D. Arnaldo Burgos, consultor de vacún de leite de recoñecido prestixio internacional. No ámbito empresarial foi socio fundador das empresas Genesusa e Diagnosis Animal. Consultor independente de ganderías e empresas do sector vacún de leite dende 2014.</p>
	<p><b>PABLO GÓMEZ LEÓN</b></p> <p>Licenciado en Veterinaria pola Universidade de Córdoba (2002 - 2007). Ven desenvolvendo a súa labor profesional en diversas empresas: Nutersa (2009 - 2011), Clinique Veterinaire Philia (2012 – 2014). A partir do 2014 e ata a actualidade intégrese como Ruminant Product Manager en Trouw Nutrition, empresa pertencente ao holding de orixe holandés Nutreco, dedicada á Nutrición Animal en España, líder no sector das pre mesturas minero vitamínicas para a formulación de pensos compostos.</p>
	<p><b>ÁNGEL MIRANDA GONZÁLEZ</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 1998 desenvolveu a súa labor profesional e técnica como Director da Area de Alimentación na cooperativa Os Irmandiños SCG. Na actualidade exerce como Director da división de servizos agrogandeiros en CLUN (Cooperativa láctea resultante da unión de Feiraco, Melisanto e Os Irmandiños).</p>
	<p><b>MARGARITA RICO GÓMEZ</b></p> <p>Licenciada en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela (USC) en 1989. En 1995 defendeu a súa Tese de Doutoramento sobre a regulación da hormona de crecemento en ruminantes. En 1995 incorporouse como Profesora Axudante de Universidade no Departamento de Anatomía e Producción Animal da USC. Dende o ano 2002 é profesora Titular de Universidade, impartindo docencia en diferentes materias da área de Producción Animal, fundamentalmente en Nutrición e Alimentación Animal.</p>



**DOCENTES DO MÓDULO 5:**

**Economía e Xestión da produción de leite (5 créditos)**



**FRANCISCO SINEIRO GARCÍA (Coordinador do módulo)**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid (1971). Doutor pola Universidad Politécnica de Madrid (1996). Profesor Titular de Universidade no Departamento de Economía Aplicada da Universidade de Santiago de Compostela (1998-20017). Anteriormente foi investigador no campo da produción animal no Instituto Nacional de Investigación y Tecnología Agraria (INIA). Participou en máis de 20 proxectos de investigación e ten publicado artigos en revistas tanto nacionais como internacionais, así como varios libros e capítulos de libro. Como xestor público, destaca a súa actividade como Director Territorial de Galicia del Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación (1985-1987) e como Conselleiro de Agricultura, Gandería e Montes da Xunta de Galicia (1987-1990), sendo deputado no Parlamento de Galicia entre 1989 e 2005.



**ARTURO GÓMEZ PÉREZ (Coordinador do módulo)**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 2004 ven desenvolvendo a súa labor profesional como técnico asesor de granxas de vacún de leite e de carne, con especialidade en alimentación, na cooperativa Os Irmandiños SCG (actualmente integrada en CLUN, Cooperativas Lácteas Unidas). Responsable do servizo de carros mezcladores, participou en diversos proxectos de I+D tanto da cooperativa como da Universidade. Dende 2005 é socio fundador de Norteo Soluciones y Proyectos SL. Durante estes anos desenvolveu a súa actividade docente na Universidade e en distintos ámbitos relacionados co sector gandeiro.

**BERNARDO VALDÉS PAÇOS**

Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais pola Universidade de Santiago de Compostela (1992). Participou en varios proxectos de investigación relacionados ca produción animal, o desenvolvemento rural, as políticas agrarias e o cambio estrutural. É membro do grupo de investigación Economía Agroalimentaria e Medioambiental, Desenvolvemento Rural e Economía Social (ECOAGRASOC) dende a súa constitución en 2004.



**JORGE ANTONIO SANTISO BLANCO**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Córdoba (1978). Desenvolvemento profesional no ámbito da estatística pública (Instituto Galego de Estatística) e da xestión na Administración Pública (Ministerio de Agricultura, Consellerías de Agricultura e de Medio Ambiente, Augas de Galicia). Profesor asociado en mercados alimentarios (Departamento de Economía Aplicada, USC). Dirección de proxectos de investigación aplicada (desenvolvemento de modelos de indexación de prezos do leite). Traballos e publicacións relacionadas co sector lácteo, as relacións interprofesionais e as políticas de defensa da competencia.

**LAURA SEOANE NOVO**

Máster en Enxeñaría Agronómica ca especialidade en produción de leite pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 2015 traballa como técnico de apoio á investigación na USC colaborando en diversos proxectos de xestión de custes das explotacións de leite. É cotitular dunha explotación de gando vacún de leite.





**DOCENTES DO MÓDULO 6:**

**Produción de forraxes (5 créditos)**



**JUÁN PIÑEIRO ANDIÓN (Coordinador do módulo)**

Enxeñeiro Agrónomo. Investigador da Estación de Praticultura da Coruña, hoxe Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), dende 1969 ata a súa xubilación en 2011. Coordinou 15 proxectos de investigación, a maioría sobre pastos e forraxes, en colaboración con investigadores das CCAA da Cornisa Cantábrica, que se complementaron con varios proxectos estratéxicos e accións de transferencia. Autor de máis de 100 publicacións científicas e de divulgación. De 1989 a 2011 impartiu “Manexo de Pastos” na EPSE de Lugo. Fixo especial fincapé na transferencia dos resultados de investigación mediante a organización de seminarios co Servizo de Extensión Agraria, Seminarios INIA/SEA I (1972), II (1974) y III (1977), e, máis tarde, de xornadas específicas co sector, asociadas ós distintos proxectos.



**BENIGNO RUÍZ NOGUEIRAS**

Profesor no Departamento de Producción Vexetal da Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo. Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1999, premio extraordinario de doutoramento. A súas liñas prioritarias de investigación son as relacionadas ca ecofisioloxía e a agronomía en cultivos herbáceos extensivos e forraxeiros, e cultivos hortícolas. Autor de artigos de divulgación en revistas de ámbito nacional e congresos nacionais e internacionais, os resultados das súas investigacións foron publicados en revistas internacionais de recoñecido prestixio como Field Crops Research, Agricultural Systems, ou European Journal of Agronomy.



**GONZALO FLORES CALVETE**

Doutor Enxeñeiro Agrónomo (Universidade Politécnica de Madrid, 2004), funcionario de carreira do corpo superior da Xunta de Galicia. Xefe do departamento de Pastos e Forraxes do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Con una ampla experiencia na xestión de proxectos de I+D, as súas liñas de investigación céntranse no estudo da agronomía e o valor nutritivo de forraxes frescos e conservados, colaborando no grupo de investigación do CIAM sobre os sistemas de produción de leite con base forraxeira e a relación entre o tipo de dieta e a calidade do leite de vaca. Participou en máis de 30 proxectos de investigación e é autor de máis de 100 publicacións científico-técnicas.



**JAVIER BUENO LEMA**

Enxeñeiro Agrónomo pola Escola Técnica Superior de Enxeñeiros Agrónomos de Lugo. Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid. Profesor Titular de Universidade do Departamento de Enxeñaría Agroforestal na Universidade de Santiago de Compostela, dende o ano 1991, onde ten impartido materias relacionadas ca mecanización agraria e forestal na Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo. Membro da Asociación Española de Agricultura de Conservación Suelos Vivos, da Sociedad Española de AgroIngeniería (SEAgIng), da European Society of Agricultural Engineers (EurAgEng) e da American Society of Agricultural and Biological Engineers (ASABE). Autor de numerosos artigos de investigación e divulgación en revistas internacionais e nacionais de recoñecido prestixio.



	<p><b>JESÚS COLLAR URQUIJO</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid dende o ano 1983. Xefe do Departamento de Fitopatoloxía do Laboratorio Agrario e Fitopatolóxico de Galicia en Mabegondo (A Coruña). O seu traballo e experiencia dende 1987 céntrase en temas de protección vexetal, e máis concretamente no diagnóstico de pragas e enfermidades agrícolas. As súas liñas prioritarias de investigación son as relacionadas ca sanidade de cultivos forraxeiros, onde traballa en pragas e en enfermidades causadas por fungos. Autor de varios artigos de divulgación e investigación, e participante en congresos de ámbito nacional e internacional sobre temas relativos ás enfermidades das plantas forraxeiras.</p>
	<p><b>JESÚS MORENO GONZÁLEZ</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo pola Escuela Técnica Superior de Ingenieros Agrónomos de Madrid, 1969. Máster of Science (MS) pola Universidade de Illinois, 1975; Philosophy Doctor (PhD) pola Universidad of Illinois, Departamento de Agronomía, 1978. Investigador xubilado do Departamento de Coordinación e Desenvolvemento Tecnolóxico do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Profesor asociado no Departamento de Producción Vexetal de la Escola Politécnica Superior de Enxeñaría (USC). Dirixiu numerosos proxectos de investigación nacionais e internacionais sobre mellora xenética do millo. Recolectou máis de 600 variedades locais de millo e desenvolveu máis de 300 liñas puras que se conservan no Banco de Xermoplasma do CIAM. Rexistrou 8 híbridos de millo en colaboración co empresas de sementes. Autor de máis de 150 artigos de investigación e divulgación.</p>
	<p><b>JUAN CASTRO ÍNSUA</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo. Investigador do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo dende o ano 1994. As súas liñas prioritarias de investigación son as relacionadas ca xestión da fertilización orgánica de cultivos forraxeiros: praderías e millo, boas prácticas agrarias no manexo do solo e la biodiversidade dos hábitats agrarios. Coordinador e colaborador en numerosos proxectos de investigación nacionais, autonómicos e internacionais. Autor de numerosos artigos de investigación e divulgación en revistas de ámbito nacional, e congresos nacionais e internacionais.</p>
	<p><b>JUAN VALLADARES ALONSO</b></p> <p>Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Córdoba dende 1990. Tecnólogo de cultivos do INGACAL, destinado no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) dende o 2000. As súas liñas prioritarias de traballo están relacionadas cos forraxes producidos na propia explotación para a alimentación de gando bovino de leite e carne en base a pastoreo o ensilado. É responsable da sección de maquinaria agrícola do CIAM, innovando e desenvolvendo melloras para a súa adaptación ás novas técnicas de cultivo e alimentación do gando vacún. Participou en 19 proxectos de investigación. Ten publicado máis de 60 artigos de investigación e divulgación en diversas revistas de ámbito autonómico e nacional, e en congresos nacionais e internacionais.</p>
	<p><b>Mª DOLORES BÁEZ BERNAL</b></p> <p>Licenciada en CC Químicas (1992), Grado en Salamanca (1993) e Doutora en CC Químicas pola Universidade do País Vasco (1999). Investigadora do Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL) no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM). Participou en proxectos internacionais e coordinou varios proxectos nacionais relacionados co ciclo do N, e as súas transformacións e implicacións ambientais. Actualmente continúa a súa labor investigadora na área de seguridade ambiental da fertilización orgánica e mineral en cultivos forraxeiros. Resultados derivados de estes traballos foron obxecto de publicacións en revistas internacionais, nacionais, congresos e en revistas de divulgación.</p>
	<p><b>Mª ISABEL GARCÍA POMAR</b></p> <p>Doutora Enxeñeira Agrónoma pola Universidade Politécnica de Madrid dende o ano 2004. Xefe de sección de Investigación no Departamento de Pastos e Cultivos do Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo-INGACAL, na área de Tecnoloxía do Ambiente de Actividades Agrarias. . Iniciou a súa actividade investigadora no ano 1992 en proxectos relacionados ca fertilización e a rega de cultivos e a súa influencia na produción e a calidade. Desde o ano 2006 desempeña a súa actividade no CIAM en proxectos de investigación relacionados ca fertilización de cultivos forraxeiros e a súa influencia na produción, a calidade e o medio ambiente (auga e atmosfera). Autora de numerosos artigos de investigación e divulgación en revistas e congresos nacionais e en revistas internacionais.</p>



**M<sup>a</sup> JOSÉ BANDE CASTRO**

Doutora Enxeñeira Agrónoma pola Universidade de Santiago de Compostela. Investigadora no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) pertencente ó Instituto Galego de Calidade Alimentaria (INGACAL) da Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia dende o ano 2006. As súas liñas prioritarias de investigación son as relacionadas co valor agronómico e a calidade dos forraxes. Autora de numerosos artigos científicos e de divulgación en revistas de ámbito nacional e congresos nacionais e internacionais. Participou e dirixiu diferentes proxectos de investigación e forma parte de la Sociedad Española para el Estudio de los Pastos.

**Prácticas de Campo / viaxes de prácticas (5 créditos)**



**ARTURO GÓMEZ PÉREZ**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela. Dende 2004 ven desenvolvendo a súa labor profesional como técnico asesor de granxas de vacún de leite e de carne, con especialidade en alimentación, na cooperativa Os Irmandiños SCG (actualmente integrada en CLUN, Cooperativas Lácteas Unidas). Responsable do servizo de carros mesturadores, participou en diversos proxectos de I+D tanto da cooperativa como da Universidade. Dende 2005 é socio fundador de Norteo Soluciones y Proyectos SL. Durante estes anos desenvolveu a súa actividade docente na Universidade e en distintos ámbitos relacionados co sector gandeiro.



**CÉSAR RESCH ZAFRA**

Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade Politécnica de Madrid na especialidade de Zootecnia. Completou os seus estudos no Ballyhaise Agricultural College, na República de Irlanda. Doutor dende 2001 pola USC ca tese “Economía de la alimentación del ganado vacuno de leche en Galicia”. Entre os anos 1992 e 1994 traballou en empresas de asesoramento a gandeiros de leite en Nova Zelandia e Francia. En 1995 comeza a traballar na empresa de insumos agrarios Progando S.L. realizando labores de asesoramento a ganderías de leite e implantando sistemas de calidade, tanto en fábrica como en ganderías.. Entre 2003 e 2015 foi profesor asociado na EPSE de Lugo. En 2010 comeza a traballar en el INGACAL como investigador en sistemas de produción de leite en base a forraxes no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM).



**JOSÉ MANUEL PEREIRA GONZÁLEZ**




Doutor Enxeñeiro Agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela (2003), premio extraordinario de doutoramento. Profesor no Departamento de Enxeñaría Agroforestal de la Escola Politécnica Superior de Enxeñaría de Lugo desde el año 1999. As súas liñas prioritarias de investigación están relacionadas ca mecanización das explotacións gandeiras e o funcionamento das instalacións de muxido. Participou en 7 proxectos, 13 contratos de investigación e dirixiu dúas teses de doutoramento. Autor de numerosos artigos de divulgación e investigación en congresos e revistas de ámbito nacional e internacional, algunhas tan prestixiosas como Journal of Dairy Science, Computers and electronics in agriculture o Biosystems Engineering entre outras.



**JUÁN PIÑEIRO ANDIÓN**

Enxeñeiro Agrónomo. Investigador da Estación de Prácticultura da Coruña, hoxe Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM), dende 1969 ata a súa xubilación en 2011. Coordinou 15 proxectos de investigación, a maioría sobre pastos e forraxes, en colaboración con investigadores das CCAA da Cornixa Cantábrica, que se complementaron con varios proxectos estratéxicos e accións de transferencia. Autor de máis de 100 publicacións científicas e de divulgación. De 1989 a 2011 impartiu “Manexo de Pastos” na EPSE de Lugo. Fixo especial fincapé na transferencia dos resultados de investigación mediante a organización de seminarios co Servizo de Extensión Agraria, Seminarios INIA/SEA I (1972), II (1974) y III (1977), e, máis tarde, de xornadas específicas co sector, asociadas ós distintos proxectos.



	<p><b>MATILDE HERNÁNDEZ SOLIS</b> Licenciada en Veterinaria pola Universidade de Santiago de Compostela. Responsable dos programas de control de calidade de leite de SERVEPO S.L.</p>
	<p><b>ROGELIO GRILLE</b> Veterinario de Seragro e director do Centro de Recría Castro S.L.</p>
	<p><b>JOSÉ LUIS LÓPEZ SALGUEIRO</b> Licenciado en Veterinaria pola Universidad Complutense de Madrid. A súa actividade profesional estivo sempre relacionada ca alimentación de ruminantes, desenvolvendo a súa actividade técnica por toda España en Saprogal do Grupo ConAgra, Premix Ibérica do grupo Inve e actualmente en Aira SCG, como responsable técnico das plantas de fabricación de pensos e mezclas de Taboada e Sarria así como da asesoría técnica en alimentación en distintas granxas de producións de leite e carne.</p>